6.- Preaviso da segunda prórroga: En consonancia co artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, a cláusula 7.3 do PCAP establece que *“Este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses.*

En data 24 de abril de 2025, a adxudicataria recibe a notificación do preaviso mencionado no parágrafo anterior, no que se indica a intención do Concello de Vigo de acordar a segunda prórroga dun ano para o contrato dos servizos para a xestión, organización e



CONCELLO DE VIGO

Expte.1893 /1102

desenvolvemento do Programa municipal para escolares “Visita o teu Concello”, conforme ao estipulado no mesmo.

7.- Prestación do servizo: A prestación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do Programa municipal para escolares “Visita o teu Concello” por parte da entidade actualmente adxudicataria (Van Divulgación Cultural S.L.) estase a realizar a plena satisfacción deste Servizo de Educación, cun correcto cumprimento do establecido tanto nos correspondentes pregos de condicións como na súa oferta. Polo tanto, dende o Servizo de Educación enténdese que, de conformidade cos intereses municipais, procede a continuidade do servizo mediante a materialización da prórroga de un curso contemplada no correspondente PCAP para o período comprendido entre o 14/09/2025 e o 13/09/2026.

8.- Orzamento: O prezo total do contrato para dous anos quedou aprobado por un importe de 39.699,23 euros, sendo o prezo por anualidade de 19.849,61 euros. No apartado 3K das Follas de características do contrato indícase que non procede a revisión de prezos.

Polo tanto, o prezo para a segunda prórroga por un ano deste contrato quedaría fixado en 19.849,61 euros, 3.444,97 en concepto de IVE, que se dividiría en dúas anualidades: 7.939,84 euros con cargo ao exercicio orzamentario 2025 (do 14/09 ao 31/12) e 11.909,77 euros con cargo ao exercicio 2026 (do 01/01 ao 13/09) e podería imputarse á aplicación orzamentaria 3230.227.9909 (Programas educativos) dos exercicios 2025 e 2026, conforme á anterior división.

8.- Competencia: A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 4º da Lei 9/2017.

Á vista das anteriores consideracións, propónse que se eleve á Xunta de Goberno Local, previa conformidade da Asesoría Xurídica e informe da Intervención Xeral, a adopción dos seguintes **acordos**:

1º.- Autorizar a segunda prórroga do contrato para os servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do Programa municipal para escolares “Visita o teu Concello” (expte. 25760/332) para o período comprendido entre o 14/09/2025 e o 13/09/2026, dada a satisfacción municipal pola calidade da prestación recibida.

2º.- Autorizar e comprometer un importe de 19.849,61 euros correspondente a esta prórroga, a favor de Van Divulgación Cultural SL, CIF B-36.917.201. Este gasto imputarase con cargo á aplicación orzamentaria 3230.227.9909 (Programas educativos), e a súa distribución anual será a seguinte:

- Con cargo ao exercicio orzamentario 2025 (do 14/09 ao 31/12): 7.939,84 euros.
- Con cargo ao exercicio orzamentario 2026 (do 01/01 ao 13/09): 11.909,77 euros.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(328).- CONTRATACIÓN LABORAL-TEMPORAL DE PERSOAL NA CATEGORÍA DE OFICIAL DE INSTALACIÓN MUNICIPAL PARA O SERVIZO DE EDUCACIÓN. EXPTE. 45778/220.

Visto o informe de fiscalización do 06/05/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 16/04/2025, asinado polo técnico de Administración xerall, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I(327).- Polo servizo de Educación solicítase a cobertura dun posto de Oficial de Instalacións Municipais, en substitución do empregado municipal NP 79367, actualmente en situación de liberado sindical (praza con posto asociado Código RPT 02, Posto 300, dotación 6 no servizo de Educación).

II.- Consta incorporada resolución de incoación de expediente administrativo, dispoñendo a tramitación que resulte procedente conforme á normativa vixente (trámite 6).

III.- Consta incorporado o seguinte informe de verificación previa sobre os chamamentos realizados e aceptación conforme ao programa de xestión das vixentes listas de reserva do Concello de Vigo (trámite 29):

- *(...) Vista a orde de incoación obrante no expediente administrativo de referencia e dilixencia para tramitación de nomeamento interino de 1 efectivo na categoría de oficial de instalacións municipais, por substitución transitoria do/a titular (art. 10.1.b) TREBEP), existe lista de reserva do Concello de Vigo vixente con candidatas/os en condicións de ser notificadas/os procedendo o chamamento por orden de prelación dos candidatas/os en estado seleccionable.*
- *O dito chamamento realízase coa foto fixa do programa de xestión de bolsas de reserva (trámite 14).*
- *De conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola XGL o 18/08/22 e modificados pola XGL de data 20/05/2022, vixentes para o ámbito do Concello de Vigo, á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica, salvo erro ou omisión, procede o*



CONCELLO DE VIGO

Expte.1893 /1102

chamamento como oficial de instalacións ao candidato que se relaciona a continuación, que aceptou o nomeamento e presentou a documentación requirida para o efecto:

*T. Alonso Vidal con DNI ***6403***

IV.- Con data 03/03/2025, a técnica de Avaliación e Formación emitiu informe técnico sobre a cuantificación de gasto que suporía a cobertura do posto:

“En relación a súa solicitude de data 25/02/2025, sobre cuantificación económica de gasto para cobertura temporal dunha praza de Oficial de instalacións municipais, asociada ao posto Código RPT 02, Posto 300, informase:

As retribucións anuais do posto 300 “Oficial de Instalacións Municipais”, configurados como subgrupo C2, CD 16 e CE 157 (asimilación funcionarios) supoñen un total de 36328,98€, correspondendo 27212,58 € as retribucións e 9116,40€ aos custos de seguridade social da empresa.”

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Contratación de persoal laboral temporal:

O Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), no artigo 7, establece que o persoal laboral ao servizo das Administracións Públicas se rexe, ademais de pola lexislación laboral e polas demais normas convencionalmente aplicables, polos preceptos do TREBEP que así o dispoñan.

O artigo 11 do mesmo TREBEP dispón que:

1”. Es personal laboral el que en virtud de contrato de trabajo formalizado por escrito, en cualquiera de las modalidades de contratación de personal previstas en la legislación laboral, presta servicios retribuidos por las Administraciones Públicas. En función de la duración del contrato éste podrá ser fijo, por tiempo indefinido o temporal.

2. Las leyes de Función Pública que se dicten en desarrollo de este Estatuto establecerán los criterios para la determinación de los puestos de trabajo que pueden ser desempeñados por personal laboral, respetando en todo caso lo establecido en el artículo 9.2.

3. Los procedimientos de selección del personal laboral serán públicos, rigiéndose en todo caso por los principios de igualdad, mérito y capacidad. En el caso del per-

sonal laboral temporal se regirá igualmente por el principio de celeridad, teniendo por finalidad atender razones expresamente justificadas de necesidad y urgencia.”

A primeira cuestión que debe resaltarse é que o RD-lei 32/2021 de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo opta por unha regra xeral: O contrato de traballo debe ser prioritariamente fixo. Esta regra non se exceptiona no ámbito das Administracións Públicas, aínda que hai matizacións, pasando a analizar as seguintes excepcións:

Tras o RD-lei 32/2021, solo hai, con carácter xeneral, dous tipos de contratos:

- O contrato temporal por circunstancias da produción, previsto no artigo 15.2 TRET (contrato por incremento ocasional u oscilacións de necesidades e o contrato para a atención de situacións ocasionais, previsibles e que teñan unha duración reducida e delimitada).
- O contrato por substitución de persoa traballadora, previsto no artigo 15.3 TRET (contrato de substitución dun traballador con reserva de posto de traballo e contrato de substitución para un proceso de cobertura dun posto de traballo).

Precisamente o vixente artigo 15.3 do TRET establece que:

“3. Podrán celebrarse contratos de duración determinada para la sustitución de una persona trabajadora con derecho a reserva de puesto de trabajo, siempre que se especifique en el contrato el nombre de la persona sustituida y la causa de la sustitución. En tal supuesto, la prestación de servicios podrá iniciarse antes de que se produzca la ausencia de la persona sustituida, coincidiendo en el desarrollo de las funciones el tiempo imprescindible para garantizar el desempeño adecuado del puesto y, como máximo, durante quince días.

Asimismo, el contrato de sustitución podrá concertarse para completar la jornada reducida por otra persona trabajadora, cuando dicha reducción se ampare en causas legalmente establecidas o reguladas en el convenio colectivo y se especifique en el contrato el nombre de la persona sustituida y la causa de la sustitución.

El contrato de sustitución podrá ser también celebrado para la cobertura temporal de un puesto de trabajo durante el proceso de selección o promoción para su cobertura definitiva mediante contrato fijo, sin que su duración pueda ser en este caso superior a tres meses, o el plazo inferior recogido en convenio colectivo, ni pueda celebrarse un nuevo contrato con el mismo objeto una vez superada dicha duración máxima.”

O contrato de substitución ten a mesma finalidade do denominado ata o RD-lei 32/2021 “contrato de interinidade”- Legalmente se prevén dúas posibilidades, o contrato de substitución dun traballador con reserva de posto de traballo e o contrato de substitución para un proceso de cobertura dun posto de traballo.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1893 /1102

Se ben é certo que para o segundo suposto concede un prazo de duración máximo de tres meses, para a substitución de persoa traballadora, non establece prazo máximo.

Non obstante, debe terse presente o prazo máximo de 3 anos recoñecido pola xurisprudencia social, consolidada principalmente para a cobertura de vacantes, pero que se entende extensible para todo tipo de interinidades como prazo máximo para non incorrer nun contrato de duración inxustificadamente longa (a STJUE de 3 de xuño de 2021, indica a necesidade de realizar unha interpretación conforme co Acuerdo Marco sobre o traballo de duración determinada incorporado como Anexo á Directiva 1999/70/CE; neste mesmo senso pronúnciase, entre outras a STS Sala de lo Social, núm. 485/2022, de data 25/05/2022.)

O artigo 49.1.c) do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores dispón que *“A la finalización del contrato, **excepto** en los contratos formativos y el contrato de duración determinada por causa de sustitución, la persona trabajadora tendrá derecho a recibir una indemnización de cuantía equivalente a la parte proporcional de la cantidad que resultaría de abonar doce días de salario por cada año de servicio, o la establecida, en su caso, en la normativa específica que sea de aplicación.”*

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase preferentemente de luns a venres, en xornada continuada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do Servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

II.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Consta o escrito da xefatura do Servizo de Educación conformado pola concelleiro delegada competente solicitando a cobertura do posto por substitución, así como a

instrución de servizo na que se ordena o inicio do presente expediente; o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

III. - Proposta de gasto:

Conforme ao informe técnico transcrito nos antecedentes, o custo estimado de gasto sería o seguinte:

Posto 300 “Oficial de Instalacións Municipais”, configurados como subgrupo C2, CD 16 e CE 157 (asimilación funcionarios) supoñen un total de 36.328,98€, correspondendo 27.212,58 € as retribucións e 9.116,40€ aos custos de seguridade social da empresa.

IV.- Fiscalización previa:

O citado acto resulta susceptible de xerar obrigas económicas para o Concello de Vigo, o presente expediente será sometido á fiscalización previa do gasto da Intervención Xeral Municipal, conforme ao establecido no RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas locais, e RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.

O custe económico ascendería a 36.328,98€, correspondendo 27.212,58 € as retribucións (aplicación orzamentaria 920.0.140.000) e 9.116,40€ aos custos de seguridade social da empresa (aplicación orzamentaria 920.0.160.0099).

V. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; correspóndelle a competencia á Xunta de Goberno Local, e nos termos e condicións,



CONCELLO DE VIGO

Expte.1893 /1102

alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolución da Alcaldía do 28/06/2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/06/2024), elevándose ao órgano competente a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Declarar a urxencia para proceder a contratación laboral temporal nas seguintes condicións:

- Categoría profesional: Oficial de Instalacións Municipais, equiparable ao subgrupo C2 (praza asociada ao posto con Código RPT 02, Posto 300, dotación 6 no servizo de Educación).
- Modalidade legal: Contrato laboral de substitución de persoa traballadora con dereito a reserva de posto de traballo, prevista no artigo 15.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores desenvolvido polo Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro, e o RD-lei 32/2021 de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.

-Concretamente, substitución do empregado municipal con número de persoal 79367, actualmente en situación de liberado sindical
- Destino: Servizo de Educación.
- Período temporal: Ata que dure a causa de substitución, e en todo caso cun prazo máximo de 3 anos, momento en que finalizará o contrato sen dereito a indemnización.
- Custe económico: 36.328,98€, correspondendo 27.212,58 € as retribucións (aplicación orzamentaria 920.0.140.000) e 9.116,40€ aos custos de seguridade social da empresa (aplicación orzamentaria 920.0.160.0099).

Todo consonte aos informes e proposta de acordo emitidos e incorporados na tramitación administrativa do expediente electrónico obxecto de aprobación.

SEGUNDO: Contratar na modalidade referida no apartado anterior, para a categoría de Oficial de Instalacións Municipais, do servizo de Deportes, equiparable ao subgrupo C2 de titulación, a T. Alonso Vidal con DNI ***6403**, en substitución do empregado municipal NP 79367, actualmente en situación de liberado sindical, e de conformidade cos criterios de xestión das listas vixentes actualmente no Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

TERCEIRO: Dispoñer que ao interesado se lle formalizará contrato laboral-temporal de substitución conforme ao previsto no artigo 15.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores.

CUARTO: Notificar o presente acordo ao aspirante contratado, a Xefatura do Servizo de Educación, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, a Intervención Xeral, Inspección de persoal e ao Comité de Empresa aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo dos recursos que se poidan interpor perante a xurisdición do social conforme á Lei 36/2011, de 10 de outubro, reguladora da xurisdición social.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(329).- NOMEAMENTO DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO NA CATEGORÍA DE AUXILIAR DE ADMINISTRACIÓN XERAL PARA O SERVIZO DE ASESORÍA XURÍDICA. EXPTE. 46537/220.

Visto o informe de fiscalización do 06/05/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 30/04/2025, asinado pola técnica de Administración xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- Pola Asesoría Xurídica solicítase persoal interino en substitución da traballadora Sra. González Peinado, Auxiliar de administración xeral, que actualmente está desenvolvendo o posto de traballo “Xefe/a Subalternos”, en comisión de servizos de carácter temporal (Expediente nº 45544/220).

II.- Consta incorporado ao expediente, informe de verificación da previa da oficina administrativa da Área de Recursos Humanos e Formación, no que se recolle o seguinte entre outros:



CONCELLO DE VIGO

Expte.1893 /1102

"(...) De conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola XGL o 18/08/22 e modificados pola XGL de data 20/05/2022, vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e co Convenio de colaboración de sinatura dixital 17/06/2024, á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica e pola Xerencia Municipal de Urbanismo, salvo erro ou omisión, procede o chamamento das/os candidatas/os que se relacionan a continuación, que aceptaron o nomeamento e presentaron a documentación requirida para o efecto:

- Como auxiliar de Administración Xeral: B. Tejo Fuentes, con DNI ***8786***

De todo o exposto, deixase constancia para os estritos efectos do expediente electrónico de referencia."

III.- En data 28/04/2025, a técnica de RRLL emitiu o seguinte informe:

"O custo para 1 posto cod. 138-Auxiliar, de iniciarse a súa relación o 1/05/2025, con cargo as partidas orzamentarias: con cargo as partidas orzamentarias: 920.0.140.0000 (retribucións) e 920.0.160.0099 (Seguridade Social a cargo da empresa) sería o seguinte para o ano 2025:

S.Base	CD	CE	Pagas extra	S. social empr.	Total
5.735,84 €	3.349,52 €	6.095,12 €	2.538,63 €	5.684,29 €	23.403,40 €

Polo que o custo total para de 1 Auxiliar, código 138 sería de 23.403,40 €.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- Normativa de aplicación

-Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:
"1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la

normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”

- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que *“el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, ditada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

“FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

II.- Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios interinos en atención ao marco normativo vixente. Análise da modalidade proposta

Consonte ao disposto no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do



CONCELLO DE VIGO

Expte.1893 /1102

Empregado Público (en diante, TREBEP) son funcionarios interinos son aqueles que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando concorra algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa **“La sustitución transitoria de los titulares, durante el tiempo estrictamente necesario.”** (letra b) do citado apartado 1); contemplando o apartado 2 do artigo que *“los procedimientos de selección del personal funcionario interino serán públicos, rigiéndose en todo caso por los principios de igualdad, mérito, capacidad y celeridad, y tendrán por finalidad la cobertura inmediata del puesto. El nombramiento derivado de estos procedimientos de selección en ningún caso dará lugar al reconocimiento de la condición de funcionario de carrera.”*

Os nomeamentos deberán recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no corpo ao que pertenza o posto de traballo, rematando a súa vixencia, segundo o establecido no propio artigo 10, pola finalización do prazo autorizado expresamente recollido no seu nomeamento, sen dereito a compensación algunha. Ademais disto, a Administración formalizará de oficio a finalización da relación de interinidade polas causas previstas no artigo 63 da mesma norma. No presente caso, e segundo consta na orde de incoación do expediente, tras ser aprobados os criterios de xestión de listas de reserva (BOPPO nº 167 de 01/09/2022), e ao abeiro do establecido nos artigos 25 e ss. da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, procedeuse á tramitación do expediente administrativo.

No presente caso a Asesoría Xurídica solicita persoal interino en substitución da traballadora Sra. González Peinado, Auxiliar de administración xeral, que actualmente está desenvolvendo o posto de traballo “Xefe/a Subalternos”, en comisión de servizos de carácter temporal (Expediente nº 45544/220). Polo tanto, visto o artigo 10.1.b) do TREBEP, procede o nomeamento interino por substitución transitoria da titular durante o tempo estritamente necesario, e, en todo caso, por período máximo de dous anos.

III.- Observacións respecto da xornada e horario

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor.

IV.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta na solicitude de data de sinatura electrónica incorporada ao expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios

ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo coa Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016 (expediente electrónico nº 27.576/220) debendo ser contextualizadas no marco normativo actualmente vixente á data de sinatura do presente informe-proposta.

V. - Proposta de gasto:

Segundo consta no informe técnico de cuantificación económica incorporado ao expediente:

<i>S.Base</i>	<i>CD</i>	<i>CE</i>	<i>Pagas extra</i>	<i>S. social empr.</i>	<i>Total</i>
5.735,84 €	3.349,52 €	6.095,12 €	2.538,63 €	5.684,29 €	23.403,40 €

Remitímonos ao contido do informe técnico obrante no expediente, solicitando que os aspectos indicados no mesmo se contemplen no preceptivo informe de fiscalización.

VI.- SOMETEMENTO Á FISCALIZACIÓN PREVIA E PRECEPTIVA

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“ 1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.*
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.*
- c) La intervención material del pago.*
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”*

VII. - ÓRGANO MUNICIPAL COMPETENTE:



CONCELLO DE VIGO

Expte.1893 /1102

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería-delegada da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por Resolución da Excm. Alcaldía de data 28/06/2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/06/2024.

VIII.- PROPOSTA DE ACORDO:

“PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de 1 funcionario/a interino/a nos termos e condicións seguintes:

- Categoría profesional: Auxiliar de administración xeral
- Modalidade legal: persoal funcionario interino por substitución transitoria da titular, polo tempo estritamente necesario (artigo 10.1, letra b) do TREBEP):
 - substitución da traballadora Sra. González Peinado, Auxiliar de administración xeral, que actualmente está desenvolvendo o posto de traballo “Xefe/a Subalternos”, en comisión de servizos de carácter temporal (Expediente nº 45544/220).
- Destino: Asesoría Xurídica
- Período temporal: polo tempo estritamente necesario durante a substitución da titular, coa duración contemplada na normativa vixente, consonte ao establecido no artigo 10.1, letra b) do TREBEP, sen que, en ningún, caso a duración poida superar o período de dous anos de duración.
- Custe económico: Estímase un custe anual por importe total de **23.403,40 €**, dos cales con cargo ás aplicacións orzamentarias 920.0.140.0000 (retribucións), sería un importe de 17.719,11 € e con cargo á 920.0.160.0099 (Seguridade Social a cargo da empresa), polo importe de 5.684,29 €.
- Todo consonte aos informes e proposta de acordo emitidos e incorporados na tramitación do expediente electrónico obxecto de aprobación.

SEGUNDO: Nomear en réxime de persoal funcionario interino, na categoría de Auxiliar de administración xeral, e nos termos e condicións do establecido no apartado primeiro do presente acordo, a:

- B. Tejo Fuentes, con DNI ***8786**

TERCEIRO: Dispoñer que a xornada e horarios de traballo das/os efectivas/os nomeadas/os desenvolverase segundo estableza a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo

desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor.

CUARTO: Notificar o presente acordo á persoa interesada, á Asesoría Xurídica Municipal, Inspección de persoal e persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación.

QUINTO.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(330).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE “RENOVACIÓN INTEGRAL DA CUBERTA DA BANCADA DO CAMPO DE FÚTBOL BALTASAR PUJALES- BOUZAS”. EXPTE. 2252/441.

Visto o informe xurídico de data 15/04/2025 e o informe de fiscalización do 30/04/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 01/04/2025, asinado pola técnica de Xestión, o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

1.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento en data 02.06.2022 resolveu autorizar o gasto para a redacción do proxecto de referencia, a favor do Enxeñeiro Industrial Francisco Javier de la Puente Crespo.

2.- O dito Enxeñeiro presenta trala fase de supervisión, proxecto básico e de execución “RENOVACIÓN INTEGRAL DA CUBERTA DA BANCADA DO CAMPO DE FÚTBOL BALTASAR PUJALES – BOUZAS”.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1893 /1102

3.- Previo informe da Enxeñeira técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal de data 04.02.2025, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución asinado en data 05.02.2025, a Xunta de Goberno Local, na sesión que tivo lugar o día 07.02.2025 aprobou o proxecto básico e de execución "RENOVACIÓN INTEGRAL DA CUBERTA DA BANCADA DO CAMPO DE FÚTBOL BALTASAR PUJALES - BOUZAS", redactado e asinado polo Enxeñeiro Industrial D. Javier de la Puente Crespo, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRESCENTOS TRES MIL SEISCENTOS SESENTA E UN EUROS CON NOVENTA E TRES CÉNTIMOS (303.661,93 €) e asinado dixitalmente en data 04.02.2025. Expte. 5790-443.

4.- No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL na sesión que tivo lugar o día 07.02.2025 que se corresponde co expediente administrativo 5790-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polo Enxeñeiro Industrial D. Javier de la Puente Crespo.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión, polo Xefe do Servizo de Deportes e polo Xefe de da Área de Servizos Xerais o día 24.02.2025.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes do día 24.02.2025.
- D) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, polo Xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento, Servizos e Deportes os días 28.02.2025 e 05.03.2025.
- E) Certificado de crédito asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria o día 06.03.2025.
- F) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Xefe de da Área de Servizos Xerais o día 18.03.2025.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor o día 01.04.2025.
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación o día 01.04.2025.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particular asinado pola Xefa do Servizo de Contratación o día 01.04.2025.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 22.06.2023), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e

seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 04.02.2025) e o cumprimento da normativa sectorial.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídica e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

III.- PROPOSTA

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "**RENOVACIÓN INTEGRAL DA CUBERTA DA BANCADA DO CAMPO DE FÚTBOL BALTASAR PUJALES - BOUZAS**", redactado e asinado polo Enxeñeiro Industrial D. Javier de la Puente Crespo.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación co día 01.04.2025.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de TRESCIENTOS TRES MIL SEISCIENTOS SESENTA E UN EUROS con NOVENTA E TRES CÉNTIMOS (303.661,93 €).

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo do exercicio 2025, con cargo á na partida orzamentaria 3420.632 00 11 (Invest. Mellora inst. Deportivas) - proxecto de gasto 25342014 segundo a distribución de anualidades proposta:



CONCELLO DE VIGO

Expte.1893 /1102

2025	303.661,93 €
------	--------------

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(331).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE “HUMANIZACIÓN DA ESTRADA CLARA CAMPOAMOR, NO TRAMO COMPRENDIDO ENTRE A ROTONDA DE ACCESO AO HOSPITAL ALVARO CUNQUEIRO E A ROTONDA DA CONFLUENCIA COA RÚA RAMIRO PASCUAL”. EXPTE. 2258/441.

Visto o informe xurídico de data 21/04/2025 e o informe de fiscalización do 30/04/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 02/04/2025, asinado pola técnica de Xestión, o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

1.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento en data 10.07.2024 resolveu autorizar o gasto para a redacción do proxecto de referencia, a favor da empresa favor da mercantil Interurban, SAU.

2.- A dita mercantil presenta trala fase de supervisión, proxecto de “HUMANIZACIÓN DA ESTRADA CLARA CAMPOAMOR, NO TRAMO COMPRENDIDO ENTRE A ROTONDA DE ACCESO AO HOSPITAL ÁLVARO CUNQUEIRO E A ROTONDA DE CONFLUENCIA COA RÚA RAMIRO PASCUAL”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños Canles e Portos D. Roberto José Aya Vidal.

3.- Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data 17.02.2025 e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución de data 18.02.2025, a Xunta de Goberno Local, en sesión que tivo lugar o día 21.02.2025, aprobou o proxecto de “HUMANIZACIÓN DA ESTRADA CLARA CAMPOAMOR, NO TRAMO COMPRENDIDO ENTRE A ROTONDA DE ACCESO AO HOSPITAL ÁLVARO CUNQUEIRO E A ROTONDA DE CONFLUENCIA COA RÚA RAMIRO PASCUAL”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños Canles e Portos D. Roberto José Aya Vidal, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN DOUSCENTOS TRINTA E DOUS MIL CINCOCENTOS TRINTA E CATRO EUROS CON OITENTA E CINCO CÉNTIMOS (1.232.534,85 EUROS) e con sinatura dixital de data 9 de decembro de 2024. Expte. 6603-443.

4.- No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 21.02.2025 que se corresponde co expediente administrativo 6603-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polo Enxeñeiro de Camiños Canles e Portos D. Roberto José Aya Vidal.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión e polo Xefe de da Área de Servizos Xerais, asinado os días 05 e 06.03.2025.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes o día 06.03.2025.
- D) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, polo Xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento, Servizos e Deportes o día 10.03.2025.
- E) Certificado de crédito asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria o día 11.03.2025.
- F) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Xefe de da Área de Servizos Xerais o día 18.03.2025.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor asinada o día 18.03.2025.
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación o día 31.03.2025.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa do Servizo de Contratación o día 31.03.2025.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 22.06.2023), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 17.02.2025) e o cumprimento da normativa sectorial.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1893 /1102

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de **“HUMANIZACIÓN DA ESTRADA CLARA CAMPOAMOR, NO TRAMO COMPRENDIDO ENTRE A ROTONDA DE ACCESO AO HOSPITAL ÁLVARO CUNQUEIRO E A ROTONDA DE CONFLUENCIA COA RÚA RAMIRO PASCUAL”**, redactado polo Enxeñeiro de Camiños Canles e Portos D. Roberto José Aya Vidal.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación o día 31.03.2025.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de UN MILLÓN DOUSCENTOS TRINTA E DOUS MIL CINCOCENTOS TRINTA E CATRO EUROS CON OITENTA E CINCO CÉNTIMOS (1.232.534,85 €).

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento vixente do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 1532.619.00.02 – proxecto de gasto 25153210 (BEIRARRÚAS CLARA CAMPOAMOR), segundo a distribución de anualidades proposta:

2025	1.232.534,85 €
------	----------------

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(332).- SUBVENCIÓN A FAVOR DA “ASOCIACIÓN ARTÍSTICA Y CULTURAL PARA LA PROMOCIÓN DE LA DANZA Y OTRAS ARTES ESCÉNICAS COREOMAGAZINE”, PARA O DESENVOLVEMENTO DO “VIGO DANCE FESTIVAL 2025”. EXPTE. 10100/336.

Visto o informe xurídico do 09/04/2025 e o informe de fiscalización do 02/05/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 03/04/2025, asinado pola técnico medio de actividades culturais e educativas e conformado pola concelleira-delegada de Xuventude, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES XURÍDICOS.-

- O artigo 50.1. da lei 40/2015 do 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público determina que o convenio terá que ir acompañado dunha memoria xustificativa onde se analice a súa necesidade e oportunidade, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, así como o cumprimento do previsto na citada Lei.
- Os artigos 57 da LRBRL e 195 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia (LALGA), prevén a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e a Administración do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais coma en asuntos de interese común. As formas e termos da colaboración serán os previstos nas Leis, podendo ter lugar mediante consorcios ou convenios administrativos que subscriban as partes.
- O artigo 47.1 LRXSP determina que os convenios constitúen acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependiente o as Universidades públicas entre si o con suxeitos de dereito privado para un fin común.
- Os artigos 86 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, 111 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións legais vixentes de réxime local (TTRRL) e o artigo 34 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2017/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 contemplan que as Administracións Públicas poderán celebrar acordos, pactos, convenios e contratos, con persoas tanto de dereito público como privado sempre que non sexan contrarios ao ordenamento xurídico ou versen sobre materias non susceptibles de transacción e teñan por obxecto satisfacer o interese público encomendado, co alcance, efectos e réxime xurídico específico que en cada caso prevea a disposición que o regule.
- Esta subvención pode encadrarse na categoría de “*Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre*”, competencia municipal a tenor do disposto nos artigos 25.2.I da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora



CONCELLO DE VIGO

Expte.1893 /1102

das Bases do Réxime Local e 80.2.m da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

- A lexislación aplicable, para esta proposta, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

© Descrición e interese do obxecto do convenio

- O Concello de Vigo, a través da Concellería de Xuventude, presenta un innovador festival de danza multidisciplinar que tenta responder aos desafíos sociais do noso tempo. Fronte ao incremento da violencia de xénero, a adicción a internet, a crecente tendencia a socializar desde casa e outros hábitos que impiden unha sana interacción social, este evento xorde como unha oportunidade para revitalizar as dinámicas sociais e culturais da nosa comunidade, en especial a aquelas que fomenten a participación do colectivo mozo, como é este caso.

- Ademais, Vigo conta cunha gran cantidade de asociacións veciñais e colectivos dedicados á danza que, a pesar do seu entusiasmo e dedicación, enfrontan dificultades pola falta de recursos e espazos adecuados para compartir a súa actividade. Este festival busca brindarlles unha plataforma para exhibir o seu talento ante o público.

- O festival non é só un evento artístico, senón un espazo transformador onde a danza convértese nunha ferramenta poderosa para reflexionar, conectar e fomentar a unión comunitaria.

- Na devandita actividade a subvencionar concorren singulares circunstancias de interese público e social polo que o Concello de Vigo, a través da Concellería de Xuventude, decide apoiar a realización de actividades lúdicas regulares en espazos de lecer destinados da cidade de Vigo, e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial do colectivo mozo participante, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.

- O evento desenvolverase en 2 partes cronolóxicamente consecutivas:- Edición de Primavera (24 e 25 de maio de 2025) e a Edición de Outono (8 e 9 de novembro de 2025)

- **VIGO DANCE FESTIVAL** pretende colocar á cidade como referente cultural da danza urbana que non só atraerá aos/as mellores bailaríns/as, senón que dará espazo e visibilidade ás escolas e asociacións locais que non sempre teñen os

medios para brillar a través dun despregamento de produción espectacular, os/as artistas locais poderán mostrar o seu talento ao mundo, e as familias poderán gozar diso de forma gratuíta.

© **Obxectivos**

- Fomentar a arte e a cultura como motor de cambio social e consolidar a Vigo como un referente na promoción de valores positivos a través da expresión artística.
- Sensibilizar ao público sobre temas como a violencia de xénero e as adiccións dixitais, fomentando unha reflexión colectiva a través da arte.
- Ofrecer alternativas saudables e creativas para socializar dirixidas en especial ao colectivo mozo da cidade.
- Promover a interacción social desde unha perspectiva enriquecedora e libre de hábitos daniños.
- Impulsar o talento local e comunitario e ofrecer unha plataforma para que asociacións veciñais, artistas e colectivos de danza mostren o seu traballo, fortalecendo así o tecido social e cultural da cidade.

Por todo o exposto **proponse a Xunta de Goberno Local** a Adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobación da concesión directa dunha subvención a entidade **Asociación Artística y Cultural para la promoción de la Danza COREOMAGAZINE** para a realización do Evento **“VIGO DANCE FESTIVAL”** e aprobar o texto do convenio que a regula.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de **64.981,11€ con iva** a favor da entidade **Asociación Artística y Cultural para la promoción de la Danza COREOMAGAZINE** con CIF: G27813351 e enderezo social en Camiño Monte 67, Falcoa Castrelos, 36213 en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da persoa secretaria que figura na documentación do expediente núm. 10.100-336. Este crédito é con cargo á partida **3370.4800000 “PROGRAMA AXUDAS A ESCOLAS DE DANZAS E BAILE MODERNO XUVENIL”** do vixente orzamento.

TERCEIRO: Aprobación de que a Concellería financiará o pagamento á Asociación Coreomagazine polo importe da subvención outorgada, a través de un adianto do 50% (32.490,55€) do orzamento presentado (64.981,11€ con iva) que será abonado á beneficiaria mediante transferencia bancaria trala aprobación da resolución de adxudicación da subvención, e trala sinatura do presente convenio e o restante 50% unha vez presentado o informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Xuventude.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1893 /1102

TERCEIRO: Facultar á **D^a Yolanda Aguiar Castro**, na súa calidade de Concelleira Delegada da Área de Política Social, Turismo e Xuventude para asinar o citado convenio”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN ARTÍSTICA Y CULTURAL PARA LA PROMOCIÓN DE LA DANZA Y OTRAS ARTES ESCÉNICAS COREOMAGAZINE, PARA O DESENVOLVEMENTO DO “VIGO DANCE FESTIVAL 2025”
Expte 10.100-336

REÚNENSE

A Concellería de Xuventude do Concello de Vigo (en adiante CONCELLERÍA) con (CIFP3605700H) no seu nome e representación **D^a Yolanda Aguiar Castro**, na súa calidade de Concelleira Delegada da Área de Política Social, Turismo e Xuventude, mediante Resolución da Alcaldía de data 20.06.2023 e posterior de datas 28.06.24 e 01.07.24 estableceuse o número , denominación e competencias das áreas de goberno e concellería delegadas nas que se estrutura a administración municipal, que atribúen á Concelleira Delegada da Área de Política Social e Turismo entre outras, as seguintes facultades: Formalización, xestión, tramitación e impulso de convenios de colaboración interinstitucional con Administracións Públicas e institucións.

Doutra parte, **Dna Marta Díaz Almeida** con NIF: 36082188H, en calidade de presidenta e representante delegada da Asociación Artística y Cultural para la promoción de la Danza COREOMAGAZINE (en adiante a Asociación Coreomagazine), inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Vigo con nº 20642 coa seguinte clasificación: Cultural e artística/Música, teatro e danza, con enderezo social en Camiño Monte 67, Falcoa Castrelos da cidade de Vigo, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

E, a **Secretaría de Administración Municipal**, da fe do acto.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

I.- Que a **Asociación Artística y Cultural para la promoción de la Danza COREOMAGAZINE**, en adiante Asociación Coreomagazine, é unha asociación constituída sen ánimo de lucro, e consta rexistrada no Rexistro Xeral da Xunta de

Galicia con nº 2015/019116 e no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Vigo con nº 20642 coa seguinte clasificación: Cultural e artística/Música, teatro e danza.

O fin da Asociación Coreomagazine é a promoción da danza e outras artes escénicas a través da realización de eventos, encontros de baile e espectáculos de diversa índole.

II.- A Asociación Coreomagazine foi fundada no ano 2015 e traballa de xeito transversal no tema da danza urbana a través de varios exes:

- Formación con profesores locais, a través da escola de baile New Era.
- Formación con artistas nacionais e internacionais, conectando Vigo coa elite da danza.
- Colaboración co Concello de Vigo en iniciativas que acheguan a danza á comunidade.

Dentro da experiencia a suliñar desta asociación que avala a súa idoneidade para a realización integral do VIGO DANCE FESTIVAL, destacamos a coordinación e xestión do evento de danza internacional denominado VIKUL. Este evento foi organizado pola asociación en doce edicións na cidade dende o ano 2012 co apoio do Concello de Vigo. Neste evento musical e de danza urbana desenvolveron programas de masterclass e shows de danzas abertos na pista de patinaxe de Samil nos que bailaron preto de 600 participantes durante 3 días. Colaboraron nestas pasadas edicións de VIKUL, escolas de danza de toda Galicia e do norte de Portugal ofrecendo durante tres días, espectáculos de danza urbana nas rúas da cidade. Dado o éxito deste evento, a asociación organizou e xestionou a celebración de VIKUL durante doce edicións seguidas.

III.- Que a CONCELLERÍA, recibida a solicitude de subvención por parte da ASOCIACIÓN en data 25 de marzo de 2025 na que presenta memoria do proxecto e orzamento (nº de documento 250069071) e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle reconece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da actividade denominada " VIGO DANCE FESTIVAL 2025" durante o exercicio 2025 como medio que é de promover e dinamizar a cultura da cidade e da comunidade autónoma galega.

IV.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo 2025 inclúe na aplicación orzamentaria **3370.4800000 "PROGRAMA AXUDAS A ESCOLAS DE DANZAS E BAILE MODERNO XUVENIL"** do programa orzamentario do servizo de Xuventude para o vixente exercicio económico a cantidade de 65.000,00 euros.

- A figura do Convenio enmárcase dentro dos instrumentos axeitados de colaboración entre Administracións Públicas para o desenvolvemento de obxectivos de interese común, de conformidade co previsto no Capítulo VI (arts.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1893 /1102

47 a 53) da Lei 40/2015, de réxime xurídico do Sector Público. Concretamente o convenio proposto serve como medio de instrumentación dunha transferencia de financiamento prevista no orzamento municipal. Conforme o disposto no artigo 2.2 da Lei xeral de subvencións está excluída do ámbito de aplicación da lei as achegas dinerarias entre diferentes administracións públicas, para financiar globalmente a actividade da Administración á que vaian destinadas e as que se realicen entre os distintos axentes dunha administración cuxos presupostos se integren nos Presupostos Xerais da Administración á que pertencen, tanto si se destinan a financiar globalmente a súa actividade como a realización de actuacións concretas a desenvolver no marco das funcións que teñan atribuídas, sempre que non resulten dunha convocatoria pública”.

V.- Que a Asociación Coreomagazine non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo 10.100-336.

VI.- O artigo 72 da Lei 7/1985 fai referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter sociocultural como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais.

VII.- A Asociación Coreomagazine presenta orzamento desagregado, que se adxunta no Anexo I deste convenio, do evento a través do documento nº 250069071 pola cantidade de **64.981,11€ con iva**.

De conformidade coas anteriores consideracións e dado o interese común das partes asinantes e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan este convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

- A través deste convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila Asociación Coreomagazine para desenvolver o programa " **VIGO DANCE FESTIVAL**", que se detalla na documentación achegada pola ASOCIACIÓN no expediente de aprobación do convenio. (10.100-336)

SEGUNDA.- OBRIGAS DA ASOCIACIÓN COREOMAGAZINE

•**1.-** A Asociación Coreomagazine, comprométese a **xestionar, coordinar e realizar, en colaboración coa CONCELLERÍA**, o programa denominado

FESTIVAL VIGO DANCE conforme co programa recollido no Anexo I, e descrito a continuación:

- O evento desenvolveráse en 2 partes cronolóxicamente consecutivas: Edición de Primavera (24 e 25 de maio de 2025) e a Edición de Outono (8 e 9 de novembro de 2025) - Lugar: Auditorio do Mar de Vigo.
- As actuacións irán destinadas ao público en xeral, con acceso libre e gratuíto, ata completar o aforo do lugar onde se celebren. A organización do calendario de actuacións previstas neste programa corresponderalle á ASOCIACIÓN, en coordinación co CONCELLO.

Estrutura do evento proposta. Actividades e calendario

O festival dividirase en dúas edicións, cada unha cunha temática propia e actividades especiais:

Día 1

- Mañá: o Exhibicións de danza a cargo de colexios e asociacións locais.
- o Sorteo de viaxes familiares ás Illas Cíes e entrega de medallas
- Tarde: o Continuación das actuacións de baile de colexios e asociacións locais no Auditorio Mar de Vigo.
- o Sorteo de viaxes familiares ás Illas Cíes e entrega de medallas
- o Día de clausura 1: Despedida con todos os bailaríns e coreógrafos no escenario.

Día 2

- Mañá: o Novas exhibicións de baile de colexios e asociacións locais.
- o Sorteo de viaxes familiares ás Illas Cíes e entrega de medallas
- Tarde: o Últimas actuacións de baile dos colexios e grupos locais.
- o Clausura do evento
- o Sorteo final de viaxes familiares ás Illas Cíes e entrega de premios.
- o Gran peche do festival: Todos os bailaríns e coreógrafos no escenario para unha despedida colectiva.
- 2.-** A organización das actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola Asociación Coreomagazine.
- 3.-** A organización integral do programa, a súa ampla difusión e a dispoñibilidade dos espazos, e solicitude, de ser o caso, dos permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
- 4.-** Cumprimento do programa obxecto da subvención e o abono dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, alugueiro e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).



CONCELLO DE VIGO

Expte.1893 /1102

•**5.-** Actuará como interlocutora única ante a CONCELLERÍA, **Dña Marta Díaz Almeida** con NIF: 36082188H, en calidade de presidenta e representante delegada da Asociación Artística y Cultural para la promoción de la Danza COREOMAGAZINE.

•**6.-** Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.

•**7.-** Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo nos elementos de difusión da actividade subvencionada. En todas as actividades que se desenvolvan vinculadas co evento, con independencia dos patrocinios, deberá figurar nun lugar visible a imaxe institucional do Concello de Vigo, e concretamente:

- Nos actos de presentación, clausura e demais actos públicos.
- Nas zonas centrais e de máxima visibilidade nas zonas de celebración do evento, espazos de saída ou chegada ao recinto....
- Na páxina principal da WEB da entidade e do evento, así como en todas as comunicacións oficiais, documentación, entradas (se as houbera), lonas de publicidade ou carteis promocionais.

•**8.-** Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

•**9.-** A concesión da subvención á Asociación Coreomagazine implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

•**10.-** Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa e a ditos efectos a entidade interesada contratou unha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se producira en relación ao desenvolvemento do evento.

11.- En xeral,cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

TERCEIRA.- OBRIGAS DO CONCELLO.

- ⊗ Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción do evento.
- ⊗ Conceder directamente á Asociación Coreomagazine unha subvención por importe de **64.981,11 €** con cargo á partida orzamentaria 3370.4800000, “PROGRAMA AXUDAS A ESCOLAS DE DANZAS E BAILE MODERNO XUVENIL” do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade (ABANCA, ES86 20805000 6730 4054 2853) co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas coa organización do evento. A tramitación do pago total da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á celebración do VIGO DANCE FESTIVAL ao remate total da actividade e ata o 15 de novembro de 2024.
- ⊗ Colaborar na promoción do evento cos distintos medios de comunicación e difusión municipais.
- ⊗ Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.

CUARTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN. UNIDADE XESTORA

- O centro xestor da subvención á Asociación Coreomagazine é o Servizo de Xuventude do Concello de Vigo, a quen comunicará calquera incidencia do proxecto subvencionado.
- O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total ou parcial do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

QUINTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

- ⊗ **Ata o 50% do importe total da subvención** proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto.
- ⊗ A CONCELLERÍA poderá financiar o pagamento á Asociación Coreomagazine polo importe da subvención outorgada a través de un adianto do 50% (32.490,55€) do orzamento presentado (64.981,11€ con iva) trala aprobación da



CONCELLO DE VIGO

Expte.1893 /1102

resolución de adxudicación da subvención, e trala sinatura do presente convenio e o restante 50% unha vez presentado o informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Xuventude.

© Segundo o establecido no art. 42, apdo 2d) do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a beneficiaria queda exonerada da constitución de garantía, por ser unha entidade non lucrativa e polo tanto non se considera necesario para asegurar o cumprimento dos compromisos adquiridos polos beneficiarios e a entidade colaboradora.

© En calquera caso, tal como establece o **art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro**, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

© A beneficiaria deberá xustificar no **prazo comprendido** entre a sinatura do presente convenio e ata o 12 de novembro de 2025 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.

© A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). © A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a **documentación xustificativa** por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

⊗ Solicitude de pagamento da subvención, tendo como límite o 10 de novembro do 2025.

⊗ Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.

⊗ **Memoria de execución e avaliación da actividade realizada**, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:

- Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, etc.

- Datos sobre os/as participantes nas actividades, número e perfil dos/das asistentes.

- Memoria de prensa.

- Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.

- Reportaxe fotográfica e vídeos.

⊗ **Memoria económica** contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.

- **A xustificación** deberá facerse coa presentación na **sede electrónica** das facturas correspondentes ao gasto do proxecto e acreditar o pagamento efectivo dos gastos correspondentes ademais deberá achegar un balance que abrangue a totalidade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros. En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A Asociación Coreomagazine está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1893 /1102

- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a Asociación Coreomagazine como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.

- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.

- So se considerará gasto realizado o efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación. En consecuencia, ademais das facturas terá que acreditarse documentalmente a realización do pagamento dos gastos. (art. 31.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e 29.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia)

- **Gastos subvencionables:**

- Consideranse gastos subvencionables os realizados no ano 2025.

- Consideraranse **gastos subvencionables**, aqueles que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

- De conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións, cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor (máis de 15.000 euros nos contratos de prestación do servizo) o beneficiario solicitará como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á prestación do servizo salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou que o gasto realizárase con anterioridade á subvención. A elección entre as ofertas presentadas deberá achegarse na xustificación ou no seu caso na solicitude de subvención que se realizará consonte aos criterios de eficiencia e economía debendo xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaída na proposta económica máis favorable.

- En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

- Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

- A subvención do Concello á Asociación Coreomagazine é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

- O importe das subvencións ou axudas percibidas pola Asociación Coreomagazine para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

SEXTA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada polo Servizo de Xuventude que emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

SÉTIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

- A CONCELLERÍA publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento a disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

OITAVA.- REINTEGRO



CONCELLO DE VIGO

Expte.1893 /1102

- Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

NOVENA.- VIXENCIA.

A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de Novembro de 2025 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

DÉCIMA.- CONTROVERSIAS.

A concelleira-delegada da área de Xuventude queda facultada para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento, así como para propoñer ou autorizar modificacións tanto no programa de actividades que conforman o Anexo I, sempre e cando ditas modificación non supoñan un incremento sobre o importe da transferencia prevista neste convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- RESOLUCIÓN

O Convenio poderá resolverse en virtude das seguintes causas:

1. Pola finalización do período estipulado para a súa vixencia.
2. Por mutuo acordo das partes.
3. Polo incumprimento por algunha das partes de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.

No suposto de extinción do Convenio, as accións específicas concertadas ao abeiro da mesma seguiranse desenvolvendo na forma, condicións e prazos previstos ata o seu total cumprimento.

DÉCIMO SEGUNDA.- PROTECCIÓN DE DATOS.-

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento. Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015 e na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Xuventude. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Xuventude do Concello de Vigo.

DÉCIMO TERCEIRO. - JURISDICCIÓN COMPETENTE

O presente convenio ten natureza administrativa. Será competencia exclusiva dos órganos do orde xurisdiccional contencioso-administrativo a resolución das controversias e litixios a que dera lugar o cumprimento do presente convenio.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar no lugar e data indicados.

Dña Yolanda Aguiar Castro,

na súa calidade de Concelleira Delegada
da Área de Política Social, Turismo e
Xuventude do Concello de Vigo

Dña Marta Díaz Almeida,

en calidade de presidenta e representante da
Asociación Artística y Cultural para la danza
Coreomagazine

Anexo I



CONCELLO DE VIGO

Expte.1893 /1102

VIGO DANCE FESTIVAL 2025

PRESUPUESTO 2025

Empresa	Partida Presupuestaria	Fecha Presupuesto	Nº PTO	Concepto	Importe Unitario	Unidades	Importe Total	Iva	Importe Iva Incluido
Academia Náutica Prole Oneta, .	Maestra Ceremonias	13/03/2025	01/2025	Presentadora y MC Maika Aguado	800,00 €	2	1.600,00 €	336,00 €	1.936,00 €
	Photocall I	06/03/2025		Fotografía y Edición Photocall	150,00 €	4	600,00 €	126,00 €	726,00 €
ALD Photo	Diseño Cartelería	10/03/2025	01/2025	Canilería Evento. Diversas medidas Mupis y Phot	150,00 €	2	300,00 €	63,00 €	363,00 €
Escuela Danza New Era	Organización Evento	11/03/2025		Organización Vigo Dance Festival	2.000,00 €	2	4.000,00 €	840,00 €	4.840,00 €
Auditorio Mar de Vigo	Auditorio	11/03/2025	C10/2025	Limpieza, Seguridad, PAU y Control Aloro	6.020,00 €	2	12.040,00 €	2.528,40 €	14.568,40 €
Club Dance academy	Staff	12/03/2025		Coste Personal	1.747,20 €	2	3.494,40 €	733,82 €	4.228,22 €
Club Media punta	Staff	12/03/2025		Coste Personal	1.747,20 €	2	3.494,40 €	733,82 €	4.228,22 €
Piratas de Navia	Sorteos Cies	20/03/2025	Concello	Sorteos al público via js Oies	12,73 €	290	3.690,91 €	775,09 €	4.466,00 €
Escuela Danza New Era	Staff	12/03/2025		Coste Personal	582,40 €	1	582,40 €	122,30 €	704,70 €
Fuñe Galicia SL	Iluminación	18/09/2024	PD 41617 v3	Equipos, accesorios , control y Regulación	3.794,04 €	2	7.588,08 €	1.598,50 €	9.186,58 €
Fuñe Galicia SL	Personal Técnico Flujo	18/09/2024	PD 41617 v3	Personal Montaje y técnicos sonido	2.650,00 €	2	5.300,00 €	1.113,00 €	6.413,00 €
Fuñe Galicia SL	Sonido	18/09/2024	PD 41617 v3	Microfonía R.F	565,18 €	2	1.130,36 €	237,38 €	1.367,74 €
Jada Marketing	Video Shows	10/03/2025	01/2025	Grabación y edición Recap en Horizontal 4k	1.105,00 €	2	2.210,00 €	464,30 €	2.674,30 €
Gastos Operativos Eventos	Gastos Operativos Eventos			Agua baillarines /Manutención Staff/MC	745,00 €	2	1.490,00 €	140,00 €	1.630,00 €
Mapfre	Seguros	31/01/2025	31/01/2025	Accidentes Baillarines y Staff	620,34 €	2	1.240,68 €	- €	1.240,68 €
Mapfre	Seguros	31/01/2025	03/10/2024	RC	614,89 €	2	1.229,78 €	- €	1.229,78 €
SGAE	Derechos Autor	07/03/2025	2025.05.07 Email	Derechos Autor música reproducida	150,15 €	4	600,60 €	126,13 €	726,73 €
Atlántico Diario	Medios	25/03/2025		Publicidad Atlántico	1.350,00 €	1	1.350,00 €	283,50 €	1.633,50 €
Radio Vigo	Medios	24/03/2025		Quñas radio y Grabación	1.030,00 €	5	5.150,00 €	1.065,00 €	6.215,00 €
Donauts	Photocall I	19/03/2025	Nº 240048	Estructura e impresión Photocall	648,00 €	2	1.296,00 €	272,36 €	1.568,36 €

54.267,61 €	10.713,50 €	64.981,11 €
-------------	-------------	-------------

19(333).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez